RELATORAS-EXPOSITORES



Noura El Amrani Sbai

MEDIADORA INTERCULTURAL NO CONCELLO DE ARTEIXO

É unha destacada mediadora intercultural e activista social afincada en Galicia, recoñecida pola súa traxectoria no eido da integración, a acollida de poboación migrante e a defensa dos dereitos culturais. Participa activamente como relatora en xornadas, simposios e mesas de debate especializadas. Colaborou en iniciativas organizadas por institucións como o *Consello da Cultura Galega* (en encontros sobre migracións e dereitos) e a *Universidade de Santiago de Compostela (USC)*



Souadou Mohamed Fadel

MEMBRO DA COMUNIDADE SAHARAUÍ EN GALIZA E PROFESORA DE ELE

É unha recoñecida activista saharauí que reside actualmente en Lugo. Naceu nun campo de refuxiados de El Aaiún, no deserto do Sáhara, experimentando dende os seus inicios o que supón formar parte dunha nación sen Estado como a República Árabe Saharauí Democrática.



Pablo del Valle (Le Magic Mayimba)

MÚSICO - ESPECIALIDADE PERCUSIÓN
*EXPOSICIÓN: "**AS CORES DO RESPECTO**"*

Pablo del Valle (Vilalba, 1991), coñecido artisticamente como "Le Magic Mayimba", é músico titulado en percusión polo Conservatorio Superior de Música da Coruña e retratista autodidacta. A súa obra, influenciada polas culturas africanas, que coñeceu a través da percusión e do fútbol, reivindica a riqueza, a dignidade e a humanidade das persoas retratadas. Concibe a arte como unha ferramenta para educar, sensibilizar e contribuír a unha sociedade máis xusta e inclusiva.



Alberto Martí (1922-2017)

FOTÓGRAFO DA EMIGRACIÓN
*EXPOSICIÓN: **OS ADEUSES** (CONSELLO DA CULTURA)*

Alberto Martí Villardefrancos (1922-2017) foi un histórico fotoxornalista galego, recoñecido universalmente como a memoria fotográfica da Coruña e o gran retratista do éxodo e a emigración galega cara a América.

XORNADAS SOBRE
INMIGRACIÓN
13-14 novembro de 2026
NA CASA DA CULTURA
DE VILALBA

EXPOSICIÓNS
INAUGURACIÓN **VENRES 13 NOV.**
(ata o 10 de decembro)





XORNADAS SOBRE
INMIGRACIÓN
13-14 novembro de 2026
NA CASA DA CULTURA
DE VILALBA



INAUGURACIÓN
VENRES 13 DE NOVEMBRO DE 2026
17:30 HORAS
CASA DA CULTURA DE VILALBA

PROGRAMA

VENRES 13 DENDE AS 17:30 HORAS

- **INAUGURACIÓN DAS XORNADAS**
  - **MARISA BARREIRO**, IESCHA
  - **MARTA ROUCO**, CONCELLO DE VILALBA
- **INAUGURACIÓN E PRESENTACIÓN DAS EXPOSICIÓNS**
  - "AS CORES DO RESPECTO", DE **LE MAGIC MAYIMBA (PABLO DEL VALLE)**
  - "OS ADEUSES", **FOTOGRAFÍAS DE ALBERTO MARTÍ,** CEDIDA POLO **CONSELLO DA CULTURA GALEGA**
- **RELATORIO 1 - ANA MARÍA PERNAS VÁZQUEZ, Socióloga**
  - DOS VENTOS DO ODIO ÁS TEMPESTADES DA VIOLENCIA: MEMES E DESINFORMACIÓN
- **RELATORIO 2 - JOSÉ EDUARDO BASANTA MONTENEGRO, Inspector de Educación**
  - ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA NO SISTEMA EDUCATIVO. VISIÓN DA REALIDADE NO CONCELLO DE VILALBA
- **RELATORIO 3 - LUZIA OCA GONZÁLEZ, Doutura en Antropoloxía pola USC**
  - BURELA, DE PARROQUIA MARIÑEIRA A VILA SUPER-DIVERSA

PROGRAMA

SÁBADO 14 DENDE AS 11:00 HORAS

- **RELATORIO 1 - NOURA EL AMRANI SBAI, Mediadora Intercultural no Concello de Arteixo**
  - A MIGRACIÓN E A MEDIACIÓN INTERCULTURAL AO LONGO DESTES 20 ANOS
- **INTERVENCIÓN MUSICAL CON PABLO DEL VALLE:**
  - ÁFRICA A TRAVÉS DOS INSTRUMENTOS DE PERCUSIÓN
- **RELATORIO 2 - ANA MARÍA PERNAS VÁZQUEZ, Socióloga**
  - SAUDADE DO DESERTO: A SOIDADE NA DIÁSPORA SAHARAUÍ EN GALIZA
    - Acompañada na mesa por:
      SOUADOU MOHAMED FADEL
      Membro da Comunidade Saharauí en Galiza e Profesora de ELE
- **CLAUSURA**
- **OFRENDA FLORAL NO MONÓLITO DAS IRMANDADES**

XORNADAS INMIGRACIÓN ESCHA VINTE CINCO 2026
13-14 DE NOVEMBRO

Iescha Instituto de Estudos Chaireg · Consello da Cultura Galega · Concello de Vilalba

RELATORAS-RELATOR



Ana María Pernas Vázquez

SOCIÓLOGA

Especializada en migracións e intervención sociocomunitaria, apaixonada por comprender as realidades sociais e acompañar procesos que transformen as comunidades desde a participación e a equidade.
Experta en investigación social aplicada, tanto cualitativa como cuantitativa, interésame xerar coñecemento útil e aprender de cada experiencia, achegándome a diversas realidades sociais.



José Eduardo Basanta Montenegro

INSPECTOR DE EDUCACIÓN

José Eduardo Basanta Montenegro (n. 1976) é un profesional da educación con traxectoria en docencia (dende 2002), orientación educativa, dirección de centros e inspección educativa (dende 2013).
Mestre de Educación Infantil (USC), Licenciado en Psicopedagoxía, DEA e Máster en Orientación Académico-Profesional.
Experiencia: mestre, orientador educativo, director de centros e, na actualidade, Inspector de Educación.
O seu percorrido por distintos ámbitos dálle unha visión ampla da educación, tanto pedagóxica como organizativa e institucional.



Luzia Oca González

ANTROPÓLOGA SOCIAL

É doutora en Antropoloxía Social pola USC coa tese "Caboverdianas en Burela (1978/2008): Migración, relacións de xénero e intervención social". É profesora auxiliar na Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, onde traballa dende 2004 desenvolvendo a súa actividade investigadora no Centro de Estudos Transdisciplinares para o Desenvolvimento -CETRAD. É autora de diversos traballos de investigación e publicacións sobre a comunidade caboverdiana da Galiza e o seu país de orixe. Mantén unha estreita relación con Cabo Verde, onde colaborou en diversas iniciativas con mulleres, empregando metodoloxías participativas con enfoque no empoderamento. Forma parte da Comisión de Igualdade do CCG dende 2016. Foi presidenta da Asociación galega de Antropoloxía (AGANTRO) entre 2021 e 2024.